



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MELLORAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS DO PERSOAL DOCENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (2022)

Nunha aposta decidida pola internacionalización na casa e fóra dela, a Universidade da Coruña a través da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación convoca axudas para mellorar as competencias lingüísticas do profesorado que imparte docencia en inglés en títulos oficiais da UDC.

A integración da dimensión internacional na educación superior a través do coñecemento da lingua franca no eido académico e investigador constitúe un factor fundamental na mellora da calidade educativa, na proxección exterior da universidade e na apreciación e integración dos valores culturais característicos dos distintos pobos.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E DESTINATARIOS

Convócanse en réxime de concorrencia competitiva 128 axudas para a asistencia e o aproveitamento de cursos no Centro de Linguas por procedemento de urxencia dada o inminente comezo dos cursos de verán. As persoas beneficiarias deberán matricularse nos cursos verán, ou nos cursos de primeiro e segundo cuatrimestre do Centro de Linguas nos prazos establecidos e aboar as taxas correspondentes.

A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación subvencionará o importe dos prezos de matrícula destes cursos do Centro de Linguas ata o máximo establecido no punto 2.

As persoas destinatarias deberán formar parte do cadro de persoal docente da Universidade da Coruña nalguna das categorías de persoal con dedicación docente da UDC, que perciba as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC. Esta condición deberá posuírse tanto no momento da solicitude da axuda como no momento en que teña lugar o curso. Será responsabilidade do candidato informar de calquera modificación sobre a súa relación laboral coa UDC antes do inicio da actividade formativa.

2. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria finánciase coas achegas de fondos propios da UDC con cargo á partida orzamentaria 0800080029 422D 48101 por un importe total de 25.000 €, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O importe máximo de cada axuda será de 195 € para os cursos de 60 horas, e non excederá do importe da matrícula para o resto de cursos.

En ningún caso se financiarán cursos para os que a persoa interesada conte con calquera outra axuda da Universidade para o mesmo fin.

No caso de que ao inicio da importación do curso a persoa interesada estiver en situación de baixa por enfermidade perderá o dereito á percepción da axuda.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Ofreceranse os seguintes cursos:

Ámbito 1. Cursos de verán 2023

Calquera dos cursos de verán 2022 nas diferentes linguas e niveis ofertados polo Centro de Linguas da UDC.

<http://www.centrodelinguas.gal/gl/pag/421/cursos-veran-2022/>



<http://www.centrodelinguas.gal/gl/post/50/obradoirosdelinguaeulturaenveran/>



Ámbito 2. Cursos de primeiro cuadrimestre 2022/23

Os cursos regulares de 60 horas de B1, B2, C1 e C2 de inglés ofertados polo Centro de Linguas que se desenvolveran nas seguintes datas **ORIENTATIVAS**: do 19 de setembro ao 20 de decembro de 2022

Curso

- Inglés B1.1. (gr.1) [presencial, A Coruña]
- Inglés B1.1. (gr.2) [presencial, A Coruña]
- Inglés B1.2. [en liña]
- Inglés B2.1 (gr.1) [presencial, A Coruña]
- Inglés B2.1 (gr.2) [presencial, A Coruña]
- Inglés B2.1 [presencial, Ferrol]
- Inglés B2.2. [en liña]

Horario

Luns e mércores, 10.00 - 12.00
Martes e xoves, 16.00 - 18.00
Martes e xoves, 18.00 - 20.00
Luns e mércores, 10.00 - 12.00
Luns e mércores, 16.00 - 18.00
Martes e xoves, 14.30 - 16.30
Luns e mércores, 18.00 - 20.00

- Inglés C1.1 [en liña]
- Inglés C2.1 [presencial, A Coruña]

Martes e xoves, 16.00 - 18.00
Luns e mércores, 18.00 - 20.00

Ámbito 3. Cursos de xaneiro 2023

Curso

A Coruña

- Intensive Course for UDC Teaching Staff
- Intensive course for UDC Teaching staff
- Pronunciation for Spanish Instuctors
- Tips for Oral Presentations
- Learn How to Write an Academic Paper
- Learn How to Write an Academic Paper

Horario

De luns a venres 10:00 - 12:00
De luns a venres 12:00 - 14:00
De luns a venres 16:00 - 18:30
De luns a venres 10:00 - 12:00
De luns a xoves 16:00 - 18:00
De luns a xoves 10:00 - 12:00

Ferrol

- Learn How to Write an Academic Paper
- Workshop: Improve your speaking skills

De luns a venres 10:00 - 12:00
Martes e xoves 10:00 - 12:00

Ámbito 4. Cursos do segundo cuadrimestre 2022/23

Os cursos regulares de 60 horas de B1, B2, C1 e C2 de inglés ofertados polo Centro de Linguas que se desenvolveran nas seguintes datas **ORIENTATIVAS**: do 30 de xaneiro a 10 de maio de 2023.

Curso	Horario
• Inglés B1.2. (gr. 1) [presencial, A Coruña]	Luns e mércores, 10.00 - 12.00
• Inglés B1.2. (gr.2) [presencial, A Coruña]	Martes e xoves, 16.00 - 18.00
• Inglés B1.2 [presencial, Ferrol]	Luns e mércores, 18.00 - 20.00
• Inglés B2.1. [en liña]	Martes e xoves, 18.00 - 20.00
• Inglés B2.2. (grupo 1) [presencial, A Coruña]	Luns e mércores, 10.00 -12.00
• Inglés B2.2. (grupo 2) [presencial, A Coruña]	Luns e mércores, 16.00 - 18.00
• Inglés B2.2. (grupo 1) [presencial, Ferrol]	Martes e mércores, 14.30 - 16.30
• Inglés C1.1 [presencial, A Coruña]	Luns e mércores, 18.00 - 20.00
• Inglés C1.2 [en liña]	Martes e xoves, 16.00 -18.00
• Inglés C2.2 [en liña]	Luns e mércores, 18.00 -20.00

O 10% das axudas irán destinadas á formación de cursos en lingua alemá, francesa, italiana e portuguesa. Publicarase o listado na páxina web do Centro de Linguas, na convocatoria de cursos do 1º e 2º cuadrimestre.

Os horarios e as datas son orientativos, susceptibles de modificación. Calquera cambio publicarase na páxina web do Centro de Linguas.

4. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderá solicitar a axuda o profesorado da Universidade da Coruña que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Teña intención de realizar unha mobilidade internacional no curso 2023/24 ou 2024/25
- Imparta ou teña intención de impartir docencia en dobres titulacións internacionais
- Imparta ou teña intención de impartir docencia en graos bilingües

Os solicitantes poderán solicitar ata un máximo de 2 cursos e deberán xustificar documentalmente o nivel inmediatamente anterior ao do curso que solicitan ou alomenos o nivel anterior ao primeiro dos cursos que solicitan. Se isto non for posible, para comprobar o seu nivel de inglés, deberán facer a proba DIALANG, dispoñible en <https://dialangweb.lancaster.ac.uk/getals> e entregarán unha copia do resultado, xunto coa solicitude.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección entre os candidatos que presenten a solicitude realizarase por unha Comisión de Relacións Internacionais, constituída por

- Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
- Begoña Crespo García, directora do Centro de Linguas
- Evaristo Zas Gómez, director da Oficina de Relacións Internacionais

Para os cursos de 60 horas terá prioridade o profesorado que

1. Non estea acreditado para impartir docencia en inglés na UDC en convocatorias EMI (curso) ou CIDI (proba oral) da UDC.
2. Necesite acadar un B2 de inglés para asistir ao curso EMI.
3. Non teña un nivel B1 de inglés e xustifique a necesidade de mellorar a pronuncia do idioma e a fluidez para impartir docencia en inglés.

As solicitudes admitiranse por estrita orde de chegada até completar o grupo de 140 profesores.

O resto dos solicitantes aparecerá nunha listaxe de agarda que respectará a antedita orde de chegada e as axudas iranse adxudicando, de ser o caso, na orde nela establecida.

Poderá concederse un segundo curso ou terceiro con financiamento se quedasen aínda fondos para financiar os cursos adicionais solicitados.

Crearanse dúas listaxes de adxudicación das bolsas, unha para os cursos de verán e outra para os cursos do primeiro semestre. Os 70 primeiros solicitantes de cada listaxe recibirán a bolsa, sempre e cando xustifiquen ao final do curso o aproveitamento mediante a presentación do certificado emitido polo Centro de Linguas que indicará a cualificación final obtida. O prazo de presentación é **dun mes** dende a notificación da retirada do diploma e farase preferiblemente por correo electrónico ao seguinte enderezo iro@udc.es. As bolsas que non se concedan nun prazo poderán acumularse para ser concedidas nos prazos seguintes.

As persoas seleccionadas poderán presentar a súa renuncia antes do comezo do curso. O incumprimento deste punto suporá a exclusión da solicitude do mesmo candidato na seguinte convocatoria.

6. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

O Centro de Linguas anunciará na súa páxina web as datas de apertura dos cursos. O persoal docente que solicite unha destas prazas deberá rexistrarse seguindo as indicacións do Centro de Linguas.

É obrigatoria a asistencia ao 85% das horas lectivas do curso para recibir o certificado de asistencia emitido polo Centro de Linguas. O incumprimento deste punto suporá a exclusión da solicitude do/a candidato/a na seguinte convocatoria.

Esta axuda é incompatible con calquera outra axuda para o mesmo concepto. No momento da comunicación da concesión definitiva, se lles indicará aos adxudicatarios que teñen que enviarlle á ORI por correo electrónico a iro@udc.es a declaración responsable (Anexo II) debidamente cuberta e firmada.

7. PAGAMENTO DAS AXUDAS

Para proceder ao pagamento das axudas é preciso obter un diploma ou certificado de ter superado o curso. Antes do prazo **dun mes** dende a notificación da retirada do diploma deberase presentar na ORI o certificado/diploma obtido que deberá ser de asistencia e de superación do curso. De non presentalo no prazo estipulado, non se recibirá a axuda.

A partir dese momento, a ORI iniciará os trámites para o pagamento da axuda, coa correspondente retención.

8. SOLICITUDES

A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación.

- Impreso de solicitude (Anexo I)
- Documentación acreditativa do nivel previo requirido no punto 4

9. PROTECCIÓN DE DATOS: Normativa xeral relativa á protección de datos persoais da UDC. Aprobada polo Consello de Goberno de 23 de xullo de 2019.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A solicitude dunha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001. A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

10. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Esta convocatoria permanecerá aberta dende o día seguinte da súa publicación e até

Esta convocatoria permanecerá aberta dende o día seguinte da súa publicación e até

- 8 de maio para os cursos de verán
- 1 de setembro para os cursos do primeiro cuadrimestre
- 9 de decembro para os cursos de xaneiro e segundo cuadrimestre

As listaxes dos beneficiarios sairán publicadas:

- 13 de maio para os cursos de verán
- 7 de setembro para os cursos do primeiro cuadrimestre
- 16 de decembro para os cursos de xaneiro e segundo cuadrimestre

As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña ou do campus de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no Artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para máis información:

Oficina de Relacións Internacionais/Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación

Casa do Lagar

Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1956)

Correo electrónico: iro@udc.es

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

**Convocatoria de axudas para mellorar as competencias lingüísticas do Persoal
Docente da Universidade da Coruña**

ANEXO I

Impreso de solicitude

APELIDOS E NOME:
DNI:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
CENTRO UDC:
CURSO QUE SOLICITA NO CENTRO DE LINGUAS:
MOTIVACIÓN DA SOLICITUDE:

Documentos que achega:

- Documentación acreditativa do nivel previo requirido

A Coruña, _____ de _____ de 2022

Sinatura da persoa solicitante _____

Todos os datos de carácter persoal serán procesados de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

SR. DIRECTOR DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

Anexo II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Nome e apelidos)..... e con DNI.....,
declara:

☐ Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo concepto para os cales se solicita esta bolsa

Sinatura

En A Coruña a

SR. DIRECTOR DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS